

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A SOCIEDADES DE CAZA E ASOCIACÍONS DE PERSOAS CAZADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA ACTUACÍONS DURANTE O EXERCICIO DE 2026

O aproveitamento cinexético é unha actividade moi arraigada en Galicia, pois comprende máis do 80 % do territorio da comunidade, polo que a actividade cinexética, desenvolvida conforme a criterios de sostibilidade e no marco da normativa vixente, constitúe unha ferramenta de apoio á xestión do medio natural, que contribúe ao equilibrio das poboacións de fauna e á conservación dos hábitats, integrada co resto de actividades que se desenvolven no medio rural, circunstancias especialmente relevantes no ámbito rural da provincia de Pontevedra.

Por iso, resulta imprescindible involucrar os colectivos de persoas cazadoras, xa que desenvolven un papel activo na xestión do territorio provincial ao realizar actuacións de mellora de hábitats, seguimento e control de poboacións de fauna silvestre ou vixilancia ambiental, entre outras.

Con todo, moitas destas actuacións supoñen custos significativos para as entidades que as desenvolven, polo que resulta necesario articular medidas de apoio económico que permitan reforzar e garantir a continuidade de actuacións de salvagarda e mellora do medio natural.

Desde o punto de vista competencial, de conformidade co establecido no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso e entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra convoca esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de axudas a sociedades de caza e asociacións de persoas cazadoras da provincia de Pontevedra para financiar accións de promoción e fomento do aproveitamento cinexético sostible durante o ano 2026.

Estas subvencións rexeranse polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 249, de 30 de decembro de 2016, e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións a sociedades de caza e asociacións de persoas cazadoras da provincia de Pontevedra que outorgue a Deputación, segundo os principios de obxectividade e concorrencia competitiva.

Segunda. Financiamento

Estas axudas contan cun crédito total de cento vinte mil euros (120.000 €) e convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 26/410.4190.489.01.

A porcentaxe máxima subvencionable será do 80 % do orzamento, sen prexuízo de que estas axudas sexan compatibles con outras recibidas doutros organismos, sempre que a súa concorrencia non supere o custo total da acción.

Limitacións:

- Importe do orzamento subvencionable de gastos: máximo de tres mil setecentos cincuenta euros (3.750 €).
- Importe da subvención: máximo de tres mil euros (3.000 €).

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas as sociedades de caza e asociacións de persoas cazadoras, sempre que estean legalmente constituídas e teñan o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

As entidades beneficiarias non deberán estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da LXS, e deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia

Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Cuarta. Actuacións subvencionables

Son actuacións susceptibles de axuda aquelas destinadas ao apoio ás sociedades de caza e asociacións de persoas cazadoras para desenvolver actuacións que fomenten a recuperación e a conservación dos recursos naturais e cinexéticos que teñan por obxecto:

- Accións destinadas a mellorar o hábitat, coma rozas, sementeiras e podas.
- Accións destinadas a mellorar a adaptación ao hábitat das especies, coma a realización de biótopos.
- Compra de material non inventariable, coma sementes e praguicidas legalmente autorizados.
- Compra de material de seguridade, coma chalecos de seguridade, gorras etc., sempre que non sexa material inventariable.
- Accións destinadas ao mantemento do Terreo Cinexeticamente Ordenado (en diante, TECOR), tales como seguros e gardería.

Quinta. Actuacións non subvencionables

Non será obxecto de subvención nesta convocatoria o seguinte:

1. Gastos en investimentos.
2. Gastos de funcionamento das entidades (contratación de persoal, viaxes, comidas etc.).
3. O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade, conforme ao artigo 31.8 da LXS.
4. Os gastos referidos a accións que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria.

Sexta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Oitava. Comprobación de datos

Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes.
- NIF da persoa representante legal da entidade.
- Domicilio fiscal das entidades solicitantes.

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e entregar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Novena. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- a) Copia dos estatutos da entidade.
- b) Memoria explicativa da finalidade da subvención, na que se especifiquen:

- As características técnicas das actuacións que se levarán a cabo.
 - O calendario de realización das actuacións durante o ano 2026.
- c) Certificación da secretaría da entidade na que consten o número de socias e socios desta, a porcentaxe de socias e socios federados da entidade, a superficie do TECOR e a cesión do TECOR para a realización de competicións oficiais (especificaranse o tipo e as características da competición).
- d) Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algún dos documentos que se deban presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa entregados anteriormente. Para este efecto, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada que o presente ou, na súa falta, que acredite por outros medios os requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenéricos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente en <https://dehu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Criterios para a valoración das solicitudes

- Número de socias e socios da entidade: ata 25 puntos
 - De 0 a 100 _____ 10 puntos
 - De 101 a 200 _____ 15 puntos
 - De 201 a 300 _____ 20 puntos
 - Máis de 300 _____ 25 puntos

- Porcentaxe de socias e socios federados da entidade: ata 25 puntos
 - De 0 a 25 % _____ 10 puntos
 - De 26 a 50 % _____ 15 puntos
 - De 51 a 75 % _____ 20 puntos
 - De 76 a 100 % _____ 25 puntos

- Superficie do TECOR: ata 30 puntos
 - Ata 2.000 ha _____ 5 puntos
 - De 2.001 a 4.000 ha _____ 10 puntos
 - De 4.001 a 6.000 ha _____ 15 puntos
 - De 6.001 a 8.000 ha _____ 20 puntos
 - De 8.001 a 10.000 ha _____ 25 puntos
 - Máis de 10.000 ha _____ 30 puntos

- Cesión do TECOR para competicións oficiais durante os últimos catro anos: ata 20 puntos
 - Competición provincial _____ 10 puntos
 - Competición autonómica _____ 15 puntos
 - Competición nacional _____ 20 puntos

Décimo terceira. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos. Esta instrución comprenderá as seguintes actividades ou fases:

- a. Informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes de acordo cos criterios da base décimo segunda e se explique o sistema seguido.

- b. Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta, de conformidade co previsto nos artigos 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e 24 da LXS.

Posteriormente, a Comisión de Valoración realizará un estudo do informe-proposta da xefa de servizo das solicitudes de subvención. Este órgano colexiado estará composto por:

- Presidente: o deputado delegado da área de Medio Ambiente.
- Vogais: dúas persoas integrantes do equipo técnico do Servizo de Medio Ambiente e unha do equipo técnico do Servizo de Intervención.
- Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Medio Ambiente, que actuará sen voto.

A Comisión de Valoración poderá:

1. Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.
2. Emitir un informe respecto das solicitudes de subvención.

Finalmente, a proposta de resolución elevarase á Xunta de Goberno para a súa aprobación definitiva, segundo o disposto nas Bases de execución do Orzamento provincial e na lexislación vixente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada a solicitude de subvención por silencio administrativo.

Décimo cuarta. Modificación da resolución

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar a modificación da resolución de concesión sempre que non se varíe a finalidade establecida para as axudas, non se alteren as puntuacións e contías concedidas ás demais entidades nin se danen os seus dereitos, e axustaranse ao establecido nos artigos 64 do

Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo) e 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

A solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada e, en todo caso, presentarse antes do 15 de novembro de 2026.

Décimo quinta. Xustificación e pago das subvencións

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizado o gasto ou a actividade, sempre antes do 31 de decembro de 2026, as entidades beneficiarias deberán xustificalas antes do 31 de marzo de 2027.

Unha vez aprobadas as axudas, logo dos informes de Intervención, estas aboaránselles ás entidades solicitantes, tras a xustificación das accións realizadas, que deberán desenvolverse tendo en conta o establecido nos artigos 30 da LXS e 24 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, relativo á xustificación das subvencións públicas.

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

Para pagar a subvención, terase en conta o seguinte:

- a) De xustificarse o 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- b) De xustificarse un gasto inferior ao 100 %, aboarase a parte proporcional.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

Para cobrar a subvención, as entidades perceptoras deberán presentar obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación:

- a) Conta xustificativa dos gastos, asinada pola persoa representante legal da entidade beneficiaria, na que se determinará o custo do gasto total da finalidade subvencionada, se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e se indicará que os

gastos especificados nela se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda.

- b) Xustificación, con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe da subvención concedida, na que se indiquen o número de unidades, os seus prezos unitarios e o custo total de cada unidade.
- c) Acreditación da debida divulgación por parte da entidade do financiamento da actividade ou do investimento subvencionado pola Deputación a través de anuncios en prensa, da páxina web, das redes sociais ou similares.
- d) Memoria xustificativa na que se detallen as actuacións realizadas.
- e) Xustificación dos ingresos ou do financiamento obtido para a mesma finalidade.
- f) Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Producirase o reintegro ou a perda do dereito ao cobramento, total ou parcial, da subvención nos supostos de falta de xustificación ou xustificación insuficiente, falta de achega da documentación requirida e demais causas previstas no artigo 37 da LXS.

Décimo sexta. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias destas axudas comprométense a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e a consecución da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- Cumprir coas medidas de publicidade e difusión previstas nestas bases.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo, non só económicos, coa institución provincial.

- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar a información que se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nas bases reguladoras das subvencións, co fin de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Cumprir coas demais obrigas previstas nestas bases ou calquera outra recollida na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Décimo sétima. Control e seguimento das subvencións

Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles ás empresas provedoras preferiblemente antes de presentar a xustificación da subvención e, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.

As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar formas de pagamento que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade ou a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable.

Os investimentos subvencionados deberán manterse durante un período mínimo de catro (4) anos. Isto poderá ser obxecto de comprobación polo centro xestor, así como polo servizo de control financeiro da Intervención provincial. O incumprimento

deste requisito será causa de perda do dereito ao cobramento ou reintegro na parte correspondente ao importe subvencionado do investimento afectado.

O persoal técnico do Servizo de Medio Ambiente do organismo provincial velará porque se cumpran as condicións esixidas para a concesión das subvencións e se realicen correctamente as actuacións previstas. Para iso, no caso de investimentos, efectuaranse as inspeccións e comprobacións oportunas e reflectiranse no resultado do correspondente informe. Tamén se solicitará a información que se considere necesaria sobre as entidades beneficiarias das axudas.

Décimo oitava. Control financeiro

De acordo co establecido no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, a entidade beneficiaria estará suxeita ao control financeiro que se puidese exercer, no prazo de catro (4) anos, contados desde o pagamento da subvención. O control financeiro terá por obxecto verificar a correcta obtención da subvención e o cumprimento das obrigas que lle corresponden á entidade beneficiaria, incluída a obriga de manter os investimentos por un período mínimo de catro (4) anos.

No control financeiro solicitarase que se achegue a relación de gastos e ingresos totais da actividade subvencionada, que deberá incluír os distintos conceptos do orzamento presentado coa solicitude e o resto de gastos que a entidade lle impute á actividade subvencionada, así como os rexistros contables correspondentes.

No caso de que o resultado do exercicio fose positivo, deberá reintegrar o importe resultante conforme á lexislación vixente, na que se dispón que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, por si soa ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo novena. Incumprimentos e responsabilidades

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo quinta sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Medio Ambiente requiriralle que a entregue no prazo improrrogable de quince (15) días.

O feito de non presentar a documentación neste prazo supoñerá o inicio do expediente de perda de dereito ao cobramento e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésima. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases, rexerá o artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións, a LXS e a demais normativa de aplicación.

Vixésimo primeira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela.

Vixésimo segunda. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos, de acordo coas normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.